

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**9224** *Real decreto 748/2014, do 5 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

A Sentenza do Tribunal Supremo 7627/2012, do 8 de novembro, ditada no recurso contencioso-administrativo número 1/59/2007, en que se acepta a declaración e consideracións da cuestión prexudicial resolta polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea na súa Sentenza do 26 de abril de 2012 ditada no Asunto C-456/10, declara a nulidade dos puntos un, dezasete, trinta e trinta e dous do artigo único do Real decreto 1/2007, do 12 de xaneiro, que modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos, coa extensión e alcance determinados nos seus fundamentos xurídicos terceiro, sétimo, noveno e décimo primeiro.

Pola súa parte, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na citada Sentenza do 26 de abril de 2012, declara contraria ao artigo 34 do Tratado de funcionamento da Unión Europea a normativa nacional que prohibe aos titulares de expendedoras de tabaco e timbre desenvolver a actividade de importación de elaborados de tabaco doutros Estados membros da Unión Europea.

Todo isto afectou de forma directa tanto as limitacións establecidas pola Lei 13/1998, do 4 de maio, coma o réxime de provisión e, por iso, procedeuse á correspondente modificación da citada lei adaptándoa á resolución do Alto Tribunal a través da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

Adicionalmente, a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, modificou o procedemento de acceso á titularidade dunha expendedora, substituindo o vixente ata entón mediante concurso polo de poxa.

Mediante o presente real decreto procédese, por tanto, en primeiro lugar, a adaptar o desenvolvemento do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, a estas modificacións en execución de sentenza e en aplicación da citada Lei 17/2012, do 27 de decembro, respectivamente, mediante a aprobación deste real decreto que, pola súa vez, modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo.

Por conseguinte, esta norma, en primeiro lugar, acomoda a normativa nacional aos principios do Tratado de funcionamento da Unión Europea eliminando a inhabilitación aos titulares dunha expendedora de tabaco e timbre para poder importar elaborados de tabaco de Estados da Unión Europea, recollida nos artigos 2, 26.Un e 42.Un do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo.

Así mesmo, respecto á infracción grave recollida no artigo 19.3.i) da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, e no artigo 57.5.e) do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, aclárase que non é constitutiva de infracción a venda a distancia a persoas residentes noutro Estado membro da Unión de elaborados de tabaco que teñan a condición de «mercadorías comunitarias», segundo o artigo 4.7 do Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable, todo iso dando traslado das modificacións consecuencia da citada Lei 14/2013, do 27 de setembro, e da sentenza do Tribunal Supremo.

Ademais, modifícase o artigo 24 co obxecto de establecer unha regulación das vendas a distancia.

Con respecto á modificación introducida pola Lei 17/2012, do 27 de decembro, ao establecerse a poxa como a forma de provisión de expendedorías resulta necesario adaptar o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, a estas previsións e modificar, entre outros, os artigos 27, 35 e 36. No artigo 35 establécense, así mesmo, os criterios de exclusión da convocatoria.

O real decreto introduce, así mesmo, outras modificacións co fin de se adaptar a outras novidades da lei ou introducir na norma as melloras necesarias á vista da evolución do mercado de tabaco e do funcionamento dos operadores desde a entrada en vigor da norma e que intentan mellorar as condicións de exercicio da actividade reguladora ou de vixilancia desenvolvida polo Comisionado para o Mercado de Tabacos de modo que, de conformidade cos principios que inspiraron a Lei 13/1998, do 4 de maio, se salvagarde a aplicación dos criterios de neutralidade e as condicións de libre competencia efectiva no mercado.

Así, e en canto ao mercado grosista, introdúcese a adaptación automática do Comisionado do Mercado de Tabacos aos cambios do mercado do modelo de declaración responsable prevista nos artigos 3.Tres, 4.Un e 5. Ademais, aclárase o concepto de elaborados de tabaco na modificación do artigo 9, dado que existen dous conceptos independentes segundo o tipo de normativa, sanitaria ou tributaria.

Polo que respecta ao comercio retalista, desenvólvense medidas que teñen por obxecto dinamizar o mercado. Desta forma, permítese a xestión delegada de autorizacións para puntos de venda con recarga ao estaqueiro co fin de optimizar a xestión dos ditos puntos de venda, permitindo que o concesionario especializado poida suplir as deficiencias da xestión diaria do autorizado, todo isto sen que tal xestión sexa retribuída.

Dentro do intento de adaptación á realidade económica, liberalízase o horario de apertura dentro da regulación das súas obrigacións, previstas no artigo 29, e elimínase o requisito de residencia na mesma localidade que limitaba a liberdade dos expendedores.

Na modificación do artigo 31 sobre os produtos susceptibles de venda no estanco, elimínase a necesidade de autorización e establécense unha mera declaración responsable como requisito previo, declaración que só se poderá declarar ineficaz cando se dean unhas circunstancias taxadas que prevé o citado artigo.

Polo que respecta ao tipo de expendedorías, no artigo 33 regúlase expresamente a forma de xestionalas respecto dos outros produtos de venda nas expendedorías complementarias, exixindo que exista unha independencia dentro do local no artigo 33. Tres. Ademais, considérase por primeira vez a posibilidade de conversión dunha expendedoría xeral nunha complementaria, co obxecto de dinamizar o propio mercado e permitir a adaptación das expendedorías á realidade económica e demográfica dos lugares onde se encontra.

Así mesmo, amplíase nun mes, de tres a catro meses, o período de tempo en que se pode autorizar unha extensión transitoria regulada no artigo 34, co obxecto de permitir un mellor servizo aos consumidores e de dar rendibilidade a esa extensión. Ademais, elimínase a necesidade de outorgar unha extensión transitoria a un só expendedor, polo que se poderá outorgar a varios expendedores.

En canto á provisión de expendedorías de carácter complementario, desaparece a necesidade de dispor de establecemento aberto ao público previo; exíxirase soamente o compromiso de disposición. Con isto preténdese facilitar o acceso a este tipo de expendedorías a novos emprendedores.

Nos cambios de localización, elimínase a maioría das restricións do artigo 39, polo que se poderá variar a localización transcorridos tres anos desde a toma de posesión dunha nova expendedoría.

Redúcese, ademais, a limitación temporal para participar en poxas daqueles que transmitiron ínter vivos unha expendedoría de cinco a tres anos, co obxecto de ampliar a competitividade.

Ademais, dentro da xestión dos puntos de venda con recarga regúlase, no artigo 38, o sistema de almacenamento dos produtos nas máquinas expendedoras e establécense, así mesmo, a obriga de conservación das chaves polo expendedor en caso de xestión

delegada. Neste ámbito tamén se regulan os certificados de venda no artigo 42 onde se concreta o mandato para o transporte.

Tamén se modifica o artigo 46, en consonancia co artigo 4, punto catro, da Lei 13/1998, do 4 de maio.

Prevese unha medida de carácter cautelar, que se introduce no artigo 27.Dous, para o suposto da venda de tabacos a prezos distintos dos autorizados polos puntos de venda con recarga ou cando non se proporcionen os medios de apertura da máquina expendedora, co obxecto de evitar fraudes aos particulares e protexer o consumidor.

Finalmente, en prol dunha maior seguridade xurídica dos operadores en materia sancionadora, dáse carácter obrigatorio á terminación do procedemento por pagamento voluntario do imputado e trasládanse as modificacións realizadas na Lei 14/2013, do 27 de setembro.

Este real decreto foi sometido a información pública e conta co informe do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, do Ministerio de Economía e Competitividade, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Comité Consultivo do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de setembro de 2014,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre.*

O Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedoras de tabaco e timbre, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea c) do punto un do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«c) Ser titular dunha expendedora de tabaco e timbre, dunha autorización de punto de venda con recarga, ou dunha expendedora de tabacos de réxime especial das previstas na disposición adicional sétima da Lei 13/1998, do 4 de maio. Esta limitación non rexerá no caso de introdución no territorio de aplicación da Lei 13/1998, do 4 de maio, polos titulares de expendedoras de tabaco e timbre, de elaborados de tabaco que teñan a condición de mercadorías comunitarias segundo o artigo 4.7 Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, procedentes doutros Estados da Unión Europea, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable.»

Dous. O punto tres do artigo 3 queda redactado da forma seguinte:

«Tres. O modelo de declaración responsable a que se fai mención no ordinal segundo deste artigo, aprobado polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, conterá, ao menos, os datos identificativos do prestador, a manifestación de vontade do interesado de desenvolver a actividade de fabricación por xunto de elaborados de tabaco, incluíndo o compromiso expreso de cumprir co réxime xurídico aplicable a esa actividade e, en particular, coas obrigacións fiscais relativas aos impostos especiais, de dispor da documentación que acredita tal cumprimento e de mantelo durante a vixencia da actividade, de non estar incurso nas causas que inhabilitan para ser operador establecidas no artigo 1.Dous da Lei 13/1998, do 4 de maio, e no artigo 2 deste real decreto, e de comunicar calquera variación dos

datos e documentos achegados nese momento inicial ao Comisionado para o Mercado de Tabacos.

O trámite da declaración responsable poderase realizar a través do portelo único regulado na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.»

Tres. O último parágrafo do punto un do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«A declaración responsable, segundo o modelo aprobado polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, deberá conter, ao menos, o establecido no punto tres do artigo 3.»

Catro. O último parágrafo do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«A declaración responsable, segundo o modelo aprobado polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, deberá conter, ao menos, o establecido no punto tres do artigo 3.»

Cinco. Engádesse unha última referencia ao punto dous do artigo 8:

«e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.»

Seis. Modifícase o artigo 9 do seguinte modo:

«Artigo 9. *Prezos dos elaborados.*

Os prezos de venda ao público dos distintos tipos, marcas e modalidades dos elaborados de tabaco definidos tanto na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, coma na Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, destinados a seren comercializados en España, con excepción das illas Canarias, serán determinados polos fabricantes ou, de ser o caso, polos seus representantes ou mandatarios na Unión Europea, no caso dos producidos dentro dela, de acordo co establecido no artigo 15, punto 1, da Directiva 2011/64/UE, do 21 de xuño. No suposto dos elaborados fóra dese territorio, serán determinados polo seu importador. Os fabricantes e importadores porán os prezos en coñecemento tanto do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria para os efectos previstos na normativa reguladora dos impostos especiais, como do organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos para efectos da súa publicación, no prazo máximo dun mes, no «Boletín Oficial del Estado» para a súa publicidade e eficacia xeral.»

Sete. Engádesse un novo punto catro ao artigo 24:

«Catro. Os titulares de expendedorías de tabaco e timbre poderán vender a distancia a persoas residentes noutro Estado membro da Unión Europea elaborados de tabaco que teñan a condición de «mercadorías comunitarias» segundo o artigo 4.7 do Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable.

Para a determinación do concepto de vendas a distancia aplicarase o previsto no artigo 4.33 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Sen prexuízo das obrigacións previstas na normativa de impostos especiais para as vendas a distancia, os expendedores que pretendan realizar vendas a distancia deberán comunicalo ao Comisionado para o Mercado de Tabacos.»

Oito. Modifícase o último parágrafo do punto dous do artigo 25:

«Poderase realizar de forma exclusivamente manual a venda de xarutos e xarutiños provistos de capa natural, mesmo sen facelo de forma paralela á venda por máquinas expendedoras, en todos os establecementos autorizados.»

Nove. Modifícase o punto tres do artigo 25:

«Tres. Esta venda realizarase coa recarga que sobre os prezos de venda en expendedoría estableza o Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de consulta ao Comité Consultivo. Esta recarga arredondarase en múltiplos de cinco céntimos de euro e publicarase para o seu coñecemento xeral e eficacia.

Poderase presentar unha única solicitude para todos os puntos de venda situados no mesmo establecemento, sen prexuízo do aboamento da taxa prevista no punto 1.b) do anexo da Lei 13/1998, do 4 de maio, por cada punto de venda.

A expedición manual de xarutos ou xarutiños, cando sexa realizada por un titular de autorización para a venda con recarga mediante a utilización de máquina, estará comprendida naquela autorización.»

Dez. Engádense dous novos puntos, catro e cinco, ao artigo 25:

«Catro. A explotación e xestión da autorización faraa a risco e ventura, de forma directa, o autorizado.

Non obstante, o solicitante da autorización poderá delegar esa xestión no expendedor de tabaco e timbre asignado na correspondente autorización. O expendedor xestionará directamente a autorización, sen persoa ou empresa interposta, ben que se poderá valer dos seus familiares vinculados ao negocio, ou dos seus dependentes, uns e outros autorizados expresamente para o efecto. Para estes efectos, no correspondente modelo de declaración-liquidación da taxa para a autorización de venda con recarga deberá consignarse expresamente a súa opción por tal modalidade delegada de xestión. A xestión en ningún momento será remunerada.

Cinco. A xestión de máquinas expendedoras por parte de expendedores de tabaco e timbre sen a consignación previa da modalidade de xestión delegada no modelo de declaración-liquidación da taxa será constitutiva de infracción, conforme o previsto no artigo 57.5.e), como realización de actividades que exceden o ámbito propio da concesión.

Nestes supostos o expendedor asignado seguirá estando obrigado a emitir a correspondente factura ou certificado de venda, que amparará a circulación dos elaborados de tabaco entre a súa expendedoría e o punto de venda con recarga.

Con independencia da modalidade de xestión elixida, o Comisionado para o Mercado de Tabacos, en caso de existiren indicios de falta de correspondencia entre as vendas documentadas e a facturación real, poderá exixir a instalación de sistemas de control telemático en liña para o control da máquina.

O expendedor que asuma voluntariamente a xestión do punto de venda con recarga responderá dela persoalmente ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos. Especialmente será responsable da presenza nas máquinas dos elaborados de tabaco máis demandados e da adecuación dos seus prezos aos publicados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos en cada momento, incorrendo, de ser o caso, en infracción grave conforme o establecido no artigo 57.5.g).»

Once. Dáse unha nova redacción ao punto un do artigo 26:

«Un. Para obter a titularidade dunha concesión de punto de venda da rede de expendedorías de tabaco e timbre do Estado, será necesaria a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Ser persoa física, nacional de calquera dos Estados membros da Unión Europea e con capacidade para o exercicio do comercio.

b) Comprometerse a xestionar por si mesmo a expendedoría cuxa concesión se lle outorgase, sen prexuízo da axuda que poidan prestar os auxiliares ou dependentes que precise.

c) Non ser titular dunha expendedoría de tabaco e timbre, dunha autorización de punto de venda con recarga, nin ter vinculación profesional ou laboral con calquera dos importadores, fabricantes e grosistas de tabaco, salvo que se comprometa a cesar nas mencionadas situacións, suposto no cal a adxudicación non será definitiva ata que o cesamento se produza. Non obstante, os titulares de expendedorías de tabaco e timbre poderán manter unha vinculación laboral ou profesional con outros operadores grosistas para os exclusivos efectos de realizar a introdución de elaborados de tabaco prevista no artigo 1.Dous.c) da Lei 13/1998, do 4 de maio.

d) Non estar incurso nalgunha das circunstancias enumeradas a seguir:

1.º As mencionadas nas alíneas a) a f) do artigo 60.1 e a) do artigo 60.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2.º Ter sido condenado ou estar procesado por delito de contrabando ou sancionado por infracción administrativa de contrabando conforme a lexislación vixente.

3.º Ter dado lugar, por causa en que se lle declare culpable, á revogación da concesión ou autorización, de ser o caso, dun punto de venda.»

Doce. A referencia á letra e) no segundo parágrafo do punto dous do artigo 26 débese substituír pola letra d).

Trece. Modifícanse os puntos un e dous do artigo 27, que quedarán redactados do seguinte modo:

«Un. As concesións de expendedorías de tabaco e timbre do Estado serán outorgadas pola Subsecretaría de Facenda e Administracións Públicas, por proposta do Comisionado para o Mercado de Tabacos, e logo de informe do seu Comité Consultivo.

A convocatoria de poxas, situación das prazas que se van cubrir e constatación das condicións dos peticionarios precisarán informe do Comité Consultivo do Comisionado, que o deberá emitir no prazo de quince días. De non o emitir nese prazo, entenderase que conta con informe favorable. Para tales efectos, o seu presidente incluírá as referidas cuestións, segundo se vaian suscitando, na orde do día dos temas que debaterá o Pleno do Comité, ou as súas comisións, segundo proceda. A copia da acta da reunión en que se recolla o criterio do Comité ao respecto incorporárase ao correspondente expediente de convocatoria ou de adxudicación.

Dous. Será competencia do Comisionado para o Mercado de Tabacos conceder a autorización dos puntos de venda con recarga a favor das persoas físicas e xurídicas que non están incurso nas situacións a que se fai referencia no artigo 26.Un.e) 1.º, 2.º e 3.º. Tampouco se poderán conceder autorizacións de venda con recarga a favor de titulares de expendedorías ou de persoas que teñan vinculación profesional ou laboral con calquera operador do mercado de tabaco. As autorizacións terán unha duración de tres anos e poderán ser renovadas por períodos iguais, por solicitude do seu titular.

Se se constatar a venda de tabaco a prezos distintos dos establecidos para a súa venda con recarga ou por establecemento non autorizado para o efecto, o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá acordar como medida cautelar a precintaxe da máquina, de ser o caso, e a inmovilización do produto ata que se modifiquen os prezos ou se obteña a correspondente autorización. Igual medida

cautelar se poderá adoptar cando, no transcurso dunha inspección, non se proporcionen os medios de apertura da máquina, con independencia da modalidade de xestión da máquina expendedora elixida. De forma inmediata procederáse á incoación do procedemento sancionador correspondente.»

Catorce. Modifícase a letra i) do artigo 28, que queda redactada como segue:

«i) Xestionar os puntos de venda con recarga coas condicións e alcance previstos no artigo 25.»

Quince. Introdúcese unha nova letra j) no artigo 28 coa seguinte redacción:

«j) Calquera outro dereito recoñecido na presente norma, noutras disposicións legais ou no prego de condicións da respectiva concesión.»

Dezaseis. Modifícase a redacción das letras g) e h) do artigo 29:

«g) Manter unhas adecuadas condicións de servizo ao público mediante a apertura do establecemento durante un mínimo de oito horas diarias de luns a venres, e catro horas os sábados pola mañá, excepto festivos, respectando en todo caso a lexislación vixente en cada momento. Os horarios que restrinxan a apertura respecto dos mínimos indicados requirirán a autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de xustificación da súa conveniencia. En todo caso, o horario de apertura estará exposto ao público.

h) Cumprir as obrigacións que respecto da xestión persoal da expendedoría se establecen no presente real decreto. Para todos os efectos relacionados cos expedientes tramitados polo Comisionado, entenderase que o domicilio é o lugar en que a expendedoría está situada.»

Dezasete. Modifícase a letra n) do artigo 29, que queda redactada como segue:

«n) Responder directamente da xestión do punto de venda con recarga que lle sexa delegada nos termos previstos no artigo 25.»

Dezaioito. Introdúcese unha nova letra ñ) no artigo 29:

«ñ) Igualmente están obrigados ao cumprimento de calquera outro deber recoñecido na presente norma, noutras disposicións legais ou no prego de condicións da respectiva concesión.»

Dezanove. Dáse unha nova redacción á letra d) do artigo 30:

«d) A concorrencia das circunstancias a que se refire o punto un do artigo 26. Entenderase incluída, para os efectos do previsto no artigo 26.Un.d), dentro dos casos de insolvencia, a declaración de insolvencia en calquera procedemento de recadación executiva.»

Vinte. Modifícase a redacción do punto catro do artigo 31:

«Catro. Será libre a comercialización doutros produtos ou a prestación de servizos, sen máis requisito que a presentación dunha declaración responsable ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección do dito organismo que, en calquera momento poderá acordar motivadamente a súa ineficacia, logo de verificar que tal comercialización afecta a debida conservación e comercialización do tabaco e timbre do Estado ou a seguridade dos usuarios. Non será precisa a presentación desa declaración responsable para a comercialización de artigos de fumador, libraría e papelería.»

Vinte e un. Suprímese o punto tres do artigo 32.

Vinte e dous. Engádese un último parágrafo ao punto tres do artigo 33:

«A venda de elaborados de tabaco deberá realizarse de forma independente, no mesmo local, e non poderá prexudicar a conservación do tabaco.»

Vinte e tres. Engádense dous novos parágrafos ao final do punto catro do artigo 33:

«En tales casos, para a conversión en xeral, o titular da expendedoría disporá de tres meses para retirar os produtos cuxa comercialización non é propia dunha expendedoría de carácter xeral.

De igual forma, cando as circunstancias económicas ou comerciais da explotación dunha expendedoría xeral ou as demográficas da localidade en que esta situada o aconsellen, o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá proceder á súa conversión en complementaria.»

Vinte e catro. O punto un do artigo 34 queda redactado da seguinte forma:

«Un. Con obxecto de posibilitar as vendas, aos prezos de tarifa, dos elaborados de tabaco, timbre do Estado e signos de franqueo, en feiras, exposicións, congresos e demais lugares de concorrencia masiva carentes dun punto de venda permanente, o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderalles autorizar aos titulares de expendedorías situadas dentro do mesmo termo municipal ou dun termo municipal limítrofe que o soliciten a instalación dun despacho ao público por un período de tempo non superior para cada expendedor a catro meses dentro do ano natural.»

Vinte e cinco. O artigo 35 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Regras xerais para a provisión de expendedorías.*

Un. As expendedorías serán provistas por poxa pública entre as persoas que reúnan os requisitos e non estean incursoas nas circunstancias que neste real decreto se mencionan. A convocatoria da poxa, que se aprobará mediante resolución da Subsecretaría de Facenda e Administracións Públicas, publicada no “Boletín Oficial del Estado”, determinará as zonas ou polígonos onde proceda a instalación de expendedorías. Na fixación desas zonas teranse en conta criterios comerciais, de rendibilidade, de servizo público, de distancias entre expendedorías e de poboación. Os pregos de bases da poxa aprobaranse con ocasión de cada convocatoria.

As bases da poxa deberán ser non discriminatorias, obxectivas e transparentes, e a adxudicación das novas prazas fundamentarase no mellor prezo ofertado.

Dous. A distancia mínima entre expendedorías será de 150 metros.

Nos pregos de bases das poxas de expendedorías poderanse establecer distancias mínimas inferiores ás sinaladas no parágrafo anterior se as circunstancias de rendibilidade da zona e as exigencias do servizo o aconsellan. Non obstante, non se poderán establecer distancias mínimas inferiores se as expendedorías situadas na zona convocada, ou próximas a ela, teñen un volume de negocio de produtos tabaqueiros no exercicio precedente inferior a tres veces a media do municipio, ou, alternativamente, a tres veces a media provincial das expendedorías da súa clase. Deberase aplicar o disposto no artigo 33 para a determinación da clase de expendedoría de acordo coa tipoloxía establecida nel.

Igualmente, o prego de bases da poxa poderá ter en conta, á hora de determinar os criterios de exclusión na convocatoria:

- 1.º Distancia ás expendedorías máis próximas.
- 2.º Superficie útil do local proposto.
- 3.º Distancia a centros docentes.



Para acceder á poxa o solicitante deberá acreditar capacidade legal para o exercicio do comercio.

No prego de bases da poxa farase constar expresamente que o novo concesionario se compromete a dedicar ou adscribir os medios suficientes para desenvolver o servizo concedido. Este compromiso integrarase no contrato e o prego poderalle atribuír o carácter de obrigación esencial.

Tres. A valoración das ofertas presentadas realizarase atendendo ao mellor prezo ofertado partindo do mínimo establecido para cada polígono no prego de condicións da convocatoria.

Catro. A resolución da poxa aprobarase mediante resolución da Subsecretaría de Facenda e Administracións Públicas e publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

Cinco. As novas concesións terán unha duración de vinte e cinco anos. Vencido o prazo de vixencia, convocarase poxa para unha nova provisión da expendedoría. Ata a nova adxudicación, o anterior concesionario poderá seguir prestando o servizo, logo de autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.»

Vinte e seis. O artigo 36 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 36. *Regras específicas para a provisión de expendedorías de carácter complementario.*

Un. As expendedorías de carácter complementario serán provistas por resolución da Subsecretaría de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe e proposta do Comisionado para o Mercado de Tabacos, mediante poxa en favor de comerciantes individuais que dispoñan ou que se comprometan a dispor dun establecemento na localidade de que se trate, sempre que se dean nos peticionarios as circunstancias expresadas nos artigos 26.Un e 33.Tres, que os establecementos propostos non estean incursos en ningunha das prohibicións establecidas pola lexislación sanitaria e que os produtos comercializados non prexudiquen a conservación dos elaborados de tabaco nin dos efectos timbrados; de acordo coas condicións que se establezan nas cláusulas do prego.

Á convocatoria da poxa daráselle publicidade expondo os oportunos anuncios por un período de trinta días naturais nos concellos respectivos ou nas súas alcaldías pedáneas e publicándoa no “Boletín Oficial del Estado”.

Dous. En calquera caso será preciso, previamente á adxudicación, informe do Comité Consultivo do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

A adxudicación publicarase no “Boletín Oficial del Estado”.

Tres. As novas concesións terán unha duración de vinte e cinco anos. Vencido o prazo de vixencia, convocarase poxa para unha nova provisión da expendedoría. Ata a nova adxudicación, o anterior concesionario poderá seguir prestando o servizo, logo de autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.»

Vinte e sete. O punto tres do artigo 37 terá a seguinte redacción:

«Tres. Unha vez selada polo expendedor e devolta a solicitude, realizarase o ingreso do importe da taxa e remitirase a documentación ao Comisionado para o Mercado de Tabacos a través dos medios a que se refire a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A subscripción da solicitude supón o recoñecemento expreso por parte do titular do establecemento de non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións en materia sanitaria establecidas polo ordenamento xurídico, con independencia da modalidade de xestión elixida.»

Vinte e oito. Os puntos seis e sete do artigo 37 quedarán redactados da forma seguinte:

«Seis. No caso de xestión delegada, o solicitante deberá facer no impreso de declaración-liquidación a consignación prevista no artigo 25.Catro.

Sete. O autorizado para a venda con recarga ou, no caso de xestión da xestión delegada prevista no artigo 25, o concesionario da expendedoría, deberá cumprir as seguintes normas de funcionamento:

1. A venda e a subministración a través de máquinas expendedoras realizarase de acordo coas seguintes condicións:

Uso: prohíbese aos menores de dezaioito anos o uso de máquinas expendedoras de produtos do tabaco.

Situación: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán instalar, sempre baixo vixilancia directa e permanente, nos establecementos previstos na Lei 28/2005, do 26 de decembro.

Non se poderán instalar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de cortaventos, porches, pórticos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmobile pero non constitúen propiamente o interior deste.

2. Paralelamente, permitirase a venda manual nos establecementos autorizados respecto dos xarutos e xarutiños de capa natural.

3. Poderase realizar de forma exclusivamente manual a venda de xarutos e xarutiños provistos de capa natural, mesmo sen facelo de forma paralela á venda mediante máquinas expendedoras, en todos os establecementos autorizados.»

Vinte e nove. O punto dous do artigo 38 queda redactado da forma seguinte:

«Dous. O almacenamento dos produtos deberá realizarse nos lugares en que radiquen as correspondentes expendedorías ou puntos de venda con recarga. Admitirase, no caso das expendedorías de tabaco e timbre, a utilización doutros locais logo de autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos, consideradas as circunstancias que concorran en cada caso, tendo en conta o aumento de vendas do expendedor e a dispoñibilidade de locais dentro da zona onde se encontra.

No caso dos puntos de venda con recarga só se poderán almacenar os elaborados de tabaco no interior das máquinas expendedoras, excepto no suposto da venda manual de xarutos e xarutiños.»

Trinta. Engádesse un último parágrafo ao punto catro do artigo 38.

«Non obstante, nos supostos de xestión delegada, as chaves encontraranse na expendedoría asignada, e deberanse facilitar de forma inmediata ante calquera actuación inspectora.»

Trinta e un. Dáse unha nova redacción aos puntos un a catro do artigo 39:

«Un. Os titulares dunha expendedoría poderán variar a súa localización respectando, en todo momento, as limitacións previstas neste real decreto, logo de autorización do Comisionado.

Dous. Nos supostos de cambio de localización, o novo local en que se instale a expendedoría deberá gardar as distancias sinaladas no artigo 35. Excepcionalmente, poderán ser autorizados, logo de informe do Comité Consultivo, aqueles cambios de localización que, aínda que non cumpran os requisitos establecidos nese artigo, melloren as súas instalacións e aumenten distancias con respecto á expendedoría máis próxima.

Tres. Os supostos de cambio de localización procederán, mesmo no caso de que a súa autorización supoña o cambio de clasificación da expendedoría, pasando dun dos tipos sinalados no artigo 33 do presente real decreto a outro distinto, salvo o caso dos incluídos nos números cinco e seis do mencionado artigo.

Catro. O cambio de localización non se poderá conceder ata transcorridos tres anos desde a toma de posesión dunha nova expendedoría adxudicada, salvo casos de forza maior.»

Trinta e dous. Engádese un punto 4 ao punto un do artigo 40:

«4. De modalidade de xestión.»

Trinta e tres. Modifícase a redacción do punto dous do artigo 40:

«Dous. En calquera dos casos a que se refire o punto anterior, as respectivas circunstancias deberanse notificar ao Comisionado para o Mercado de Tabacos antes de se produciren. A comunicación realizarase directamente ao Comisionado para o Mercado de Tabacos, que informará debidamente a expendedoría anteriormente asignada para a subministración ou a que corresponda se o cambio de localización supón obrigatoriamente o cambio daquela.»

Trinta e catro. O primeiro parágrafo do punto un do artigo 42 quedará redactado da forma seguinte:

«Un. Os titulares de expendedorías terán liberdade para adquirir directamente dos distribuidores por xunto, e unicamente deles, os tipos e cantidades de tabaco que consideren necesarios para atender a súa normal demanda sen discriminar por razón da súa orixe marcas nin produtos. Todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 1.Dous.c) da Lei 13/1998, do 4 de maio, sobre a introdución polos titulares de expendedorías de tabaco e timbre de elaborados de tabaco que teñan a condición de mercadorías comunitarias segundo o artigo 4.7 do Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, procedentes doutros Estados da Unión Europea, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable.»

Trinta e cinco. O primeiro parágrafo do punto dous do artigo 42 queda redactado da forma seguinte:

«Dous. Os titulares de autorización para a venda con recarga deberanse abastecer necesariamente aos prezos de tarifa na expendedoría do termo municipal asignada por petición do titular do punto de venda con recarga de entre as tres máis próximas ao local cuxo servizo se pretende atender. Tratándose de xarutos, a elección poderase facer entre as tres expendedorías máis próximas que dispoñan das instalacións adecuadas para a súa conservación, con diversidade de bitolas, e que garantan unha subministración inmediata.»

Trinta e seis. Engádese un último parágrafo ao punto tres do artigo 42:

«O Comisionado para o Mercado de Tabacos establecerá os modelos oficiais de certificados de venda. Ata ese momento será válido calquera modelo de certificado de venda sempre que conteña o seguinte contido mínimo: o número de orde e, de ser o caso, serie, que será correlativo; a data de expedición; o nome e os apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura coma do destinatario das operacións; o NIF do obrigado a expedir a factura; o domicilio, tanto do obrigado a expedir factura coma do destinatario das operacións; a descrición pormenorizada dos elaborados comercializados (por cada elaborado: clase de elaborado, o prezo unitario, o número de unidades e a

contraprestación total); e a sinatura e/ou selo tanto do obrigado a expedir factura coma do destinatario das operacións.»

Trinta e sete. Dáse nova redacción ao último parágrafo do punto catro do artigo 42:

«Excepcionalmente, nos casos en que o abastecemento de elaborados de tabaco aos puntos de venda con recarga autorizados non o poidan realizar as persoas citadas no parágrafo anterior, o expendedor poderase valer de mandatarios para o transporte, apoderados expresamente por escrito, e responderá da súa xestión como se for realizada persoalmente polo mandante. Neses casos, o mandato deberá estar corroborado polo titular do punto de venda con recarga, co obxecto de acreditar a súa imposibilidade de realizar o transporte, e deberá conter, en todo caso, a identidade dos mandatarios, o obxecto do mandato e a declaración expresa da imposibilidade de efectuaren o abastecemento as persoas citadas no parágrafo anterior, coa sinatura ou selo tanto do expendedor como do titular da autorización de venda con recarga, e comunicarse ao Comisionado para o Mercado de Tabacos con carácter previo ao inicio do citado abastecemento.»

Trinta e oito. Dáse nova redacción aos puntos tres, catro, cinco e seis do artigo 45:

«Tres. As concesións transmitidas desde a entrada en vigor da Lei 24/2005 terán unha vixencia temporal de vinte e cinco anos, contados desde a data da primeira transmisión que se produza desde a entrada en vigor da dita lei, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria quinta da Lei 13/1998, do 4 de maio. Dentro deste prazo, e polo prazo que reste, as expendedorías poden ser obxecto doutras transmisións a calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionaria, logo de autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Catro. Cando se trate de sucesión mortis causa non será obstáculo para a designación do sucesor o feito de non ter este a plena capacidade de obrar, que deberá ser completada por quen exerza a patria potestade ou, de ser o caso, mediante a constitución do organismo tutelar correspondente, que deberá ter lugar con anterioridade á toma de posesión do designado como sucesor.

Cinco. Todos os supostos de transmisión deberán ser obxecto de autorización previa polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, que poderá exixir a realización de obras de mellora e adaptación para o adecuado cumprimento das obrigacións establecidas neste real decreto.

Seis. Os titulares que transmitan por actos inter vivos unha expendedoría non poderán tomar parte nas poxas que se convoquen para a provisión de novas durante un período de tres anos.»

Trinta e nove. O primeiro parágrafo do punto un do artigo 46 quedará redactado da seguinte forma:

«Un. A transmisión inter vivos da titularidade a favor de calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionario só se poderá realizar cando o titular cedente a exercese efectivamente durante un período mínimo de cinco anos, salvo caso de incapacidade sobrevida.

Así mesmo, non se poderá transmitir a concesión se o titular cedente foi sancionado por unha infracción moi grave nos últimos cinco anos, ou dúas graves nos últimos tres anos, sempre que sexan firmes en vía administrativa. Tampouco se poderá transmitir se o titular está incurso nun procedemento sancionador por infracción a esta normativa, ata a súa resolución e arquivamento.

Non obstante, en caso de transmisión mortis causa da titularidade da expendedoría, non será exixible o período de cinco anos para a poder transmitir inter vivos.»

Corenta. O punto dous do artigo 46 quedará redactado da seguinte forma;

«Dous. No suposto de transmisión mortis causa o sucesor, que deberá ser designado en testamento ou documento público, deberá realizar idéntica solicitude á prevista no parágrafo anterior no prazo de seis meses seguintes ao falecemento. No suposto de falta de previsión polo causante, corresponderá aos coherdeiros por maiorías, dentro de cada grao e de acordo coa preferencia establecida polo Código civil, a elección da persoa de entre elas chamada á titularidade da expendedoría. Esa designación e a correspondente solicitude deberanse efectuar necesariamente no prazo de catro meses seguintes ao falecemento do causante.»

Corenta e un. Dáse nova redacción aos puntos tres e catro e engádese un novo punto cinco no artigo 47:

«Tres. Transcorridos dous anos sen se proceder á reapertura do establecemento, o Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de audiencia ao interesado, iniciará o procedemento de revogación da concesión.

Catro. Os peches por un prazo inferior a cinco días laborables non requirirán autorización previa, pero deberán comunicarse ao Comisionado para o Mercado de Tabacos cunha antelación de dous días, salvo no caso de enfermidade, que se poderá comunicar a posteriori, dentro dos dous días seguintes ao inicio do peche.

Cinco. O Comisionado para o Mercado de Tabacos autorizará, sempre que o servizo público non se vexa afectado, os peches solicitados polos expendedores por vacacións que non excedan os trinta días naturais continuados ou os quince días naturais en dous períodos descontinuos.»

Corenta e dous. O punto tres do artigo 51 queda redactado da seguinte forma:

«Tres. O pagamento voluntario polo imputado en calquera momento anterior á resolución implicará, así mesmo, a terminación do procedemento. Nos casos en que exista conformidade coa proposta de sanción, e no prazo que se habilite na notificación do inicio do expediente, poderase facer efectivo o importe da sanción cunha redución do 25 por 100.»

Corenta e tres. Engádese un novo número 7 ao artigo 56:

«7. A subministración polo expendedor a dez ou máis puntos de venda con recarga non asignados.»

Corenta e catro. A letra c) do número 5 do artigo 57 quedará redactada da forma seguinte:

«c) Incumprir a normativa sobre a venda a menores.»

Corenta e cinco. O número 3 do artigo 57 queda sen contido.

Corenta e seis. As letras e) e f) do número 5 do artigo 57 quedarán redactadas da forma seguinte:

«e) A subministración ou transporte a puntos de venda con recarga distintos dos que teña regulamentariamente adscritos, ou que non dispoñan de autorización ou que a teñan caducada, así como a realización de actividades comerciais que excedan o ámbito propio da concesión como a venda a distancia ou por medios telemáticos ou mediante exportación, ou a outras expendedorías, con excepción da venda a distancia a persoas residentes noutro Estado membro da Unión, de elaborados de tabaco que teñan a condición de «mercadorías comunitarias» segundo o artigo 4.7 Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable.

f) A falta de presentación da declaración responsable respecto á venda doutros produtos ou a venda de produtos cando esta fose declarada ineficaz, así como o almacenamento nos mesmos locais de produtos que poidan prexudicar a boa conservación dos elaborados de tabaco.»

Corenta e sete. Engádesse unha nova letra g) ao número 5 do artigo 57:

«g) Nos supostos de xestión delegada, a desproporción de elaborados máis demandados e a non adecuación dos prezos dos elaborados de tabaco existentes nas máquinas expendedoras aos publicados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos.»

Corenta e oito. Dáse unha nova redacción ao número 2 do artigo 58:

«2. A non dispoñibilidade das tarifas oficiais de prezos ou dos documentos acreditativos da concesión.»

Corenta e nove. Dáse unha nova redacción ao número 5 do artigo 58:

«5. No suposto de xestión delegada de puntos de venda con recarga por parte do expendedor, calquera outra infracción dos requisitos exixibles ás máquinas expendedoras de tabaco salvo o previsto no artigo 57.Cinco.»

Cincuenta. Introdúcese un novo número 6 no artigo 58:

«6. Calquera outra infracción do previsto na Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, realizada polos expendedores, non tipificada como infracción grave ou moi grave.»

Cincuenta e un. O número 1 do artigo 60 queda sen contido.

Cincuenta e dous. Engádesse un novo número 5 ao artigo 61:

«5. A comercialización de produtos a prezos distintos dos establecidos para a súa venda con recarga.»

Cincuenta e tres. Dáse unha nova redacción ao primeiro parágrafo da disposición adicional segunda:

« En aplicación das previsións da disposición adicional sétima da Lei 13/1998, do 4 de maio, os establecementos que estean autorizados ou se autoricen para realizar as vendas reguladas nela poderán desenvolver a súa actividade en relación cos elaborados de tabacos con impostos, e a recarga correspondente, aínda que sometidos ás seguintes limitacións.»

Cincuenta e catro. Engádesse unha nova letra f) á disposición adicional segunda coa seguinte redacción:

«f) No caso dos establecementos que estean autorizados, deberán pór en coñecemento do Comisionado para o Mercado de Tabacos o inicio das operacións de venda.»

Cincuenta e cinco. A disposición adicional terceira quedará redactada da forma seguinte:

«O réxime relativo ao comercio ao retallo de elaborados de tabaco, regulado no título II, referente á venda de tabaco, tanto en expendedorías coma nos puntos de venda con recarga, xa se realice de forma manual xa mediante o emprego de máquina automática expendedora, entenderase sen prexuízo das obrigacións establecidas na normativa sanitaria vixente.»

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor do presente real decreto quedarán derogadas todas as disposicións de igual ou menor rango que se opoñan ao disposto nel.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre facenda xeral.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO